

Recordatorio de deberes legais á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda que a Administración debe ditar e notificar en tempo e forma resolución expresa e motivada en todos os procedementos, calquera que sexa a súa forma de iniciación, conforme ao disposto no artigo 21 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas

Expediente: B.10.Q/15416/23

Santiago de Compostela, 16 de febreiro de 2024

Sra. conselleira:

Ante esta institución, mediante escrito de queixa, compareceu solicitando a nosa intervención XXX en relación á non resolución dun recurso de reposición, por parte da APLU, que interesa un expediente no que está personado.

ANTECEDENTES

No seu escrito indícanos, esencialmente, que:

“o 15 de Maio de 2022, o Director da APLU, emitiu notificación da Resolución do 13 de maio de 2023, do expediente de reposición da legalidade urbanística (expediente nº: PON/240/2016) no que se declaran que as obras consistentes en construción dunha edificación para uso residencial, sita no lugar de Vincios, A Rocha, no termo municipal de Gondomar executadas en solo rústico non son legalizables por seren incompatibles co ordenamento urbanístico e se ordena á propiedade a súa demolición e a reposición dos terreos afectados ao estado anterior, así como o cese definitivo dos usos aos que desen lugar.

Con data do 16 de Xuño de 2022, pola propiedade presentouse Recurso de Reposición, contra a dita Resolución do Director da APLU.

O interesado indica que realizou diversos intentos por teléfono e incluso presencialmente, de solicitude para coñecer o estado de dito expediente na Axencia de Protección da Legalidade Urbanística (APLU) en Santiago de Compostela, sen obter información.

Con data do 15 de Marzo de 2023, presentou escrito solicitando ao Director da APLU o impulso procesual administrativo da resolución do Recurso de Reposición presentado no referido expediente, e como parte interesada no mesmo, que se desestime o dito Recurso e se confirme a Resolución recorrida.

(..) O Director da APLU a este requirimento de Resolución do Recurso de Reposición, refire unha demora na resolución dos expedientes da Provincia de Pontevedra e que en base a que este expediente PON/240/2016/R1, foi posto en marcha despois da Revisión de Oficio da Resolución da Directora da APLU do 19.08.2014, no Expediente PON/33/2013, confirmada en vía administrativa pola Secretaria Xeral Técnica o 12.09.2017, e co Ditame favorable do Consello Consultivo de Galicia, e en vía xudicial pola Sentenza 84/2020 do 28 de abril do 2020 do Xulgado Contencioso -Administrativo nº 1 de Vigo e pola sentenza 102/2021 do 26 de febreiro do 2021 polo TSXG, e mediante Dilixencia de Ordenación do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia de data 03.05.2021 declarou firme a sentenza ditada no recurso de apelación nº 4176/2020.

A pesares de todos estes antecedentes, coñecidos polo Director da APLU, e o requirimento feito de impulso a Resolución do Recurso de Reposición, non obtivo resolución do recurso de reposición. “

Ante iso requirimos informe a esa Administración, que xa nola remitiu sinalando, esencialmente, os principais fitos do histórico do expediente e reiterando que o recurso está pendente de ser resolto, lembrando o contido do artigo 71.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas que dispón que no despacho dos expedientes se gardará a orde rigorosa de incoación en asuntos de homoxénea natureza, salvo que polo titular da unidade administrativa se dea orde motivada en contrario, da que quede constancia.

ANÁLISE

Á vista do contido do escrito de queixa, da documentación achegada pola persoa que promoveu este expediente e do que se manifesta no informe da Administración, é preciso facer as seguintes consideracións:

PRIMEIRA. A queixa trae causa do retraso na resolución dun recurso de reposición presentado o día 16 de xuño de 2022. Dito recurso declaraba a non legalidade dunhas obras realizadas en solo rústico e ordenaba a demolición das mesmas.

O artigo 21 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas establece de forma clara a obriga da Administración de pronunciar resolución expresa e a notificala en todos os procedementos calquera que sexa a súa forma de iniciación. O artigo 41 da Carta dos Dereitos Fundamentais da Unión Europea, establece que toda persoa ten dereito a que as institucións, órganos e organismos da Unión traten os seus asuntos imparcial e equitativamente e dentro dun prazo razoable, polo que as

Administracións deben dar resposta no marco do dereito a unha boa administración, ás solicitudes dos interesados.

O dereito a unha boa administración confórmase como un dereito básico e esencial da cidadanía, que se integra, como mínimo, polos dereitos da persoa a que as administracións públicas atendan nun prazo razoable as peticións que esta lles formule, dando unha resposta expresa e motivada ás mesmas, de xeito que o cidadán poida coñecer en todo momento cal é a posición da administración concernida respecto do seu problema, para, en caso de discrepancia, poder exercer as accións de defensa dos seus dereitos que estime máis adecuadas, e sen que sexa admisible que a administración non ofrezca unha resolución ou emita unha resolución carente da xustificación adecuada que permita ao solicitante entender os motivos polos que a administración adoptou a citada resolución.

Neste sentido, o Tribunal Constitucional (entre outras Sentenza núm. 71, con data do 26 de marzo de 2001, 6/1986, do 21 de xaneiro, 204/1987, do 21 de decembro, 180/1991, do 23 de setembro, e 86/1998) estableceu que a Administración non pode verse beneficiada polo incumprimento da súa obrigaón de resolver expresamente en prazo solicitudes e recursos dos cidadáns, deber este que entronca coa cláusula do Estado de Dereito (art. 1.1 CE), así como cos valores que proclaman os artigos 24.1, 103.1 e 106.1 da Constitución Española.

SEGUNDA. Aduce a administración, para explicar a falta de resolución da solicitude formulada polo interesado, a acumulación de traballo que soporta a unidade administrativa encargada da súa tramitación, fronte ao que é necesario lembrar que, de conformidade co disposto no artigo 20 da referida Lei 39/2015, os titulares das unidades administrativas e o persoal ao servizo das Administracións Públicas que tivesen ao seu cargo a resolución ou o despacho dos asuntos, serán responsables directos da súa tramitación e adoptarán as medidas oportunas para remover os obstáculos que impidan, dificulten ou atrasen o exercicio pleno dos dereitos dos interesados ou o respecto aos seus intereses lexítimos, dispoñendo o necesario para evitar e eliminar toda anormalidade na tramitación de procedementos, podendo os interesados solicitar a esixencia desa responsabilidade á Administración Pública de que dependa o persoal afectado.

En todo caso, o retraso na resolución dos recursos non pode exceder un prazo razoable e a Administración debe acomodar a súa actuación aos principios de eficacia e celeridade. Cómpre lembrar que, no presente expediente, dito recurso presentouse fai 20 meses.

TERCEIRA . O recurso de reposición é un recurso potestativo que se pode interpor, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas contra actos que non teñan adquirido firmeza, e sobre a base de calquera motivo de desconformidade co acto recorrido, e que debe resolverse no prazo dun mes, de acordo co disposto no artigo 124.2 da Lei 39/2015.

De conformidade co establecido no artigo 103 da Constitución Española e no artigo 3 da Lei 40/2015, o 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, a Administración Pública debe servir con obxectividade os intereses xerais e actuar con sometemento pleno á Lei e ao Dereito, polo que que, aínda tendo en conta as dificultades técnicas e prácticas ás que poida enfrontarse a Axencia para facer fronte ao exercicio das súas competencias, non pode ser óbice para a inobservancia da tramitación dos expedientes nos prazos legalmente establecidos, polo que se debe por parte da Axencia, resolver o recurso de reposición respectando o disposto no artigo 71.2 da Lei 39/2015, coa maior celeridade posible.

CONCLUSIÓN

Por todo o anterior, considérase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, facer chegar a esa consellería o seguinte recordatorio de deberes legais:

A Administración debe ditar e notificar en tempo e forma resolución expresa e motivada en todos os procedementos, calquera que sexa a súa forma de iniciación, conforme ao disposto no artigo 21 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Agradézolle de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución da Valedora do Pobo, e recórdolle a necesidade de que no prazo dun mes (art. 32.2), dea conta a esta Institución da aceptación da resolución formulada, de ser o caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén se é o caso.

Ademais, facémoslle saber que, en aplicación do principio de transparencia, a partir da semana seguinte á data na que se ditou a presente resolución, esta se incluírá na páxina web da institución.

O principio de publicidade das resolucións desta institución refórzase no artigo 37 da Lei 6/1984, cando prevé que a Valedora do Pobo, no seu informe anual ao Parlamento de Galicia, dará conta do número e tipos de queixa presentadas; daquelas que foron rexeitadas e as súas causas, así como das que foron obxecto de investigación e o seu resultado, con especificación das suxestións ou recomendacións admitidas pola administración pública galega.

Saúdoo atentamente.



María Dolores Fernández Galiño
Valedora do Pobo